

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autnómica da UGT Servizos Públicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificaci3n no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con direcci3n de correo electr3nico sindicato-uxt@xunta.gal, presento as seguintes

ALEGACI3NS AOS CRITERIOS PARA O C3MPUTO DA XORNADA LABORAL ANUAL E A CONFECCI3N DAS CARTELEIRAS INDIVIDUAIS

Días da xornada laboral anual

O número de días da xornada laboral anual correspondente ao ano 2024 é 224.

(224 = 366 días/ano-16 festivos-104 sábados e domingos-22 días vacaci3ns)

C3mputo de horas da xornada laboral anual

O número máximo de horas traballadas no ano 2024 é de $224 \times 7 = 1.568$ horas.

As C son xornadas **adicionais de descanso** de compensaci3n por prestaci3n de domingos e festivos. Para o c3mputo de horas da xornada laboral anual computar3n como 7 horas efectivas de traballo. Dito criterio é de aplicaci3n a todos os tipos de quendas da cl3usula terceira do Acordo.

As RN son descansos compensatorios resultantes de aplicar unha reduci3n horaria proporcional ao número de noites traballadas, equivalente a 3 horas por noite. Polo que o número de horas é a resultante de multiplicar o número de noites por 3, o seu resultado divídese entre 7 horas, e obtense o número de RN aplicables segundo o número de noites ($n \times 3 / 7 =$ número de RN).

No supostos de 35 noites, o cálculo sería de $35 \times 3 = 105$ horas, e $105 / 7 \text{ horas} = 15$ RN de compensaci3n.

No caso do persoal que realiza noites hai que ter en conta que o acordo establece como referencia, que a xornada anual non será inferior a 1.442 horas cando se realicen 35 noites no ano natural.

Segundo co exemplo de referencia do Acordo e no suposto de cumprir co estipulado en relaci3n coa prestaci3n da metade de domingos e festivos, as 1.442 horas corresp3ndense cunha prestaci3n de 35 noites e 24 D e 8 F e distribúense do seguinte xeito en xornadas:

EN DIAS DE XORNADA ANUAL = $35 \text{ N} + 15 \text{ RN} + 158 \text{ M/T} + 16 \text{ C} = 224$

EN HORAS DE XORNADA ANUAL = $(35 \times 10) + (158 \times 7) = 1.456 \text{ H}$ en 2024

As C e RN son días inhábiles a efectos de vacaci3ns, licenzas e permisos. Nos días hábiles con quenda asignada solicitaranse os días de asuntos particulares e días de vacaci3ns adicionais que computaran como días e horas e horas de xornada realizada.

Táboa de xornada

En aplicación da cláusula novena a), segundo paragrafo, xúntase táboa con cálculo de RN segundo o número de noites que se realicen na respectiva carteleira, cun reparto equilibrado do 50% de domingos e festivos. Polo que se pode observar o cálculo de horas e o número de quendas de M/T, M/T/N ou N, así como os RN por noites e as C de descansos adicionais.

Número máximo de xornadas consecutivas de traballo

Na medida do posible non se realizarán máis de 5 xornadas consecutivas de traballo, salvo axustes individuais de carteleira que serán estudadas na Comisión de Seguimento.

Así mesmo, o número máximo de quendas de noite consecutivas será de 2, salvo necesidades de confección ou axustes individuais de carteleira que serán estudadas na Comisión de Seguimento.

Dito máximo de xornadas consecutivas ten carácter excepcional e comunicaranse por parte da administración á Comisión de seguimento á maior brevidade para o seu estudo e aplicación de medidas de corrección nos supostos nos que se produzan.

Días adicionais de descanso C e de compensación por horas de redución establecidas no Acordo

Por cada grupo de 4 festivos e/ou domingos traballados terase dereito a dous días adicionais de descanso. Por tanto, unha vez que se traballen 4 festivos e/ou domingos, ~~deben poñerse~~ **poderán** 2 C na carteleira.

O número máximo de festivos traballados será de 10.

Por cada noite traballada aplicarase unha redución de 3 horas de xornada; desta forma, por cada 7 noites traballadas corresponden 3 xornadas completas de **descansos compensatorios** (RN), o **cálculo segundo o número de noites xúntase en táboa anexa**, a modo de exemplo, o persoal que realiza quendas de noite en grupos de dúas, por cada grupo de 14 noites traballadas correspóndenlle 6 RN ($14 \cdot 3/7 = 6$), e vanse completando da forma que se indica a continuación:

3 noites traballadas (9 horas redución), corresponde poñer na carteleira 1 RN.

~~2 noites traballadas (6 horas redución) corresponde poñer na carteleira 1 RN.~~

2 noites traballadas corresponde poñer na carteleira 1 RN.

A primeira RN podería colocarse na carteleira a continuación da **3ª** noite traballada e a **segunda e terceira** restantes RN poderían colocarse a continuación de cada grupo de dúas noites traballadas, e **se repite o ciclo** ata completar 14 noites e 6 RN. A continuación volvería a repetirse esta secuencia de colocación das RN, despois de **3-2-2-3-2-2** noites traballadas.

O persoal que realiza quendas de noite de unha en unha podería ter na carteleira a primeira RN a continuación da terceira noite traballada; a segunda RN a continuación da quinta noite

traballada e a terceira RN a continuación da sétima noite traballada. A continuación volvería a repetirse a secuencia de colocación das RN despois de 3-2-2 noites traballadas.

Deste xeito, a colocación das RN nunha carteleira de 9 profesionais debería reproducir o seguinte patrón teórico:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1							
2					N		
3	N	N	RN				
4							
5							
6						N	N
7	RN						
8							
9			N	N	RN		

Nas restantes situacións procederáse de forma similar e haberá que ter en conta que é necesario traballar un mínimo de 3 noites para ter unha xornada completa de redución,

Na táboa de xornada que se xunta se contabilizan o número de RN segundo o número de noites realizadas.

Colocación das C e RN nas carteleiras

~~O acordo non indica nada respecto da colocación das C e RN nas carteleiras. As C poderán utilizarse para romper secuencias de máis de 5 días seguidos, ou en secuencias do tipo T C M ou N C M, dado que hai máis de doce horas entre a finalización da xornada de tarde ou noite e o comezo da xornada seguinte de mañá, por ser a C unha xornada de descanso.~~

Tendo en consideración que as C son xornadas de descanso por compensación que equivalen a ter unha xornada laboral 7 horas nese día, é dicir unha quenda de traballo de M ou T, non se poden utilizar para romper secuencias do tipo TCM ou NCM, dado que dá lugar a un solapamento do descanso de 12 horas entre xornadas, e as C configuráronse como descansos “adicionais” no Acordo. (nalgún centro, o inicio, alegouse e eliminouse esta secuencia, e logo parece que houbo instrucións e xa no se aceptou noutros centros, e parece que se pretende consolidar algo que pode ser evitado e disipar futuras controversias).

Polo tanto non se pode establecer que unha C que equivale un descanso adicional dunha xornada de traballo (compensa D e F) subsuma as horas do descanso entre xornadas que ten unha configuración legal e finalidade diferenciada. De facelo así, incúmrese o carácter de adicional e polo tanto o Acordo.

É recomendable que as RN vaian despois dunha noite e unidas a días de libranza, festivos ou compensacións, dado que despois dunha ou dúas noites traballadas é aconsellable, sempre que sexa posible, un mínimo de dous días de descanso.

Seguindo o exemplo sinalado no punto anterior, un modelo de confección podería ser o seguinte::

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1							
2					N	L	L
3	N	N	RN	L	L		
4							
5							
6						N	N
7	RN	C					
8							
9			N	N	RN	L	L

Porén, secuencias do tipo N RN T ou N RN M considéranse válidas, dado que hai máis de doce horas entre a finalización da xornada de noite e comezo da seguinte xornada de tarde ou mañá, por ser a RN unha xornada na que non se traballa.

No obstante, o cómputo de horas efectivas de traballo en quenda será a resultante de aplicar a táboa anexa, resultante de aplicar o computo de horas proporcional para determinar as RN polo número de noites realizadas e as C que computan como xornada realizada de 7 horas, polo que haberá cambios de secuencias nas que o descanso entre xornadas supere a 12 horas respectando o cómputo de horas anual.

Outras cuestións en relación coa aplicación do Acordo

Exceso de xornada no mes de xaneiro

O acordo publicouse no DOG núm. 246 do 29 de decembro de 2023 e entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Regularizárase o cómputo anual de horas do persoal dos centros que realizou exceso de xornada no mes de xaneiro, de forma tal que non se superen en todo o ano 2024 o número máximo de horas da xornada laboral anual (1.568 horas).

Regularización das carteleiras implementadas co Acordo

As carteleiras que non cumpren co cómputo anual resultante da aplicación dos criterios do Acordo, por exceso, defecto, exceso de D e F ou xornadas consecutivas de traballo, seguirán sendo obxecto de revisión para a correspondente regularización, e aplicarase o criterio de computo anual do parágrafo anterior.

Presentación das carteleiras nas delegacións territoriais

O prazo de presentación será establecido nesta Comisión, así como o formato no que se presenta, que en todo caso debe homoxeneizar as denominacións cos criterios do Acordo. abranguer o ano tanto nos patróns como as carteleiras desenvolvidas e presentar un cómputo de días de M, T, N, C, RN e o cómputo de horas de M/T ou N e total anual de horas con e sen C e V.

Polo que, coa nova aplicación de carteleiras, implementarase un formato de presentación de patróns e carteleiras e cómputo de xornadas e horas realizadas que permita o adecuado seguimento do Acordo.

Reducións de xornada por conciliación

O persoal cunha redución de xornada por conciliación superior a 1 hora poderá solicitar unha modificación da súa redución co fin de diminuír o número de horas para non ver reducido o seu salario.

O persoal cunha redución de xornada por conciliación dunha hora non poderá diminuír o tempo de redución debido a que a normativa de regulación non contempla reducións de xornada inferiores a unha hora.

No plan de igualdade contéplase o estudo de medidas de discriminación positiva por conciliación e unha delas será paliar o efecto proporcional da diminución de xornada anual por non poder aplicarse reducións por conciliación inferiores a unha hora.

Interpretación das vacacións

O acordo establece que polo menos a metade das vacacións deben ser gozadas preferentemente entre o 1 de xuño e o 30 de setembro e deben solicitarse por quincena natural (do 1 ao 15, ou de 16 ao 30/31) ou por mensuralidade completa.

O criterio establecido é que se computarán como vacacións unicamente os días hábiles que se gocen en ditos períodos. Os días de vacacións restantes, fora dese período, poderán disfrutarse por días hábiles segundo a normativa vixente sobre vacacións. Poderán xuntarse períodos de disfrute de vacacións con días de asuntos particulares e compensacións horarias.

As C e RN son días inhábiles a efectos de vacacións, e nos días hábiles con quenda asignada se solicitarán os días de asuntos particulares e os días adicionais de vacacións que computarán como días e horas de xornada realizada.

A aplicación desta interpretación abrangue a todos os tipos de quendas da cláusula terceira do Acordo, que configuran o ámbito de aplicación do Acordo.

Interpretación da nocturnidade

O criterio para considerar quenda de noite traballada en festivo/domingo será a quenda que comeza ás 22 horas do día festivo/domingo.

Dado que a efectos de seguridade social xa conta a noite na que se entra, e si se aplica de forma homoxénea, non vemos afectación nunha roda de quendas equilibrada entre todo o persoal.

Persoal que realiza unicamente quendas de noite

O persoal que realiza unicamente quendas de noite non ten dereito á redución de 3 horas por noite traballada establecida no acordo, dado que na confección das carteleiras deste persoal xa

se está a ter en conta que cada xornada traballan 7+3 horas. Desta forma, habitualmente, alternan semanas nas que traballan 3 noites con semanas nas que traballan 4 noites, polo que o número máximo de noites que traballan cada dúas semanas é 7 e, por tanto, como máximo traballan 70 horas/2 semanas, o que equivale a unha xornada laboral semanal de 5 días e 7 horas por día.

Polo tanto, a xornada máxima será de 1.568 horas en 2024, incluíndo nese cómputo como a xornada realizada as horas equivalentes a 16 C por prestación de D e F. Os criterios de cómputo de xornada e disfrute do período de vacacións e días por asuntos particulares e de vacacións son iguais o resto de quendas.

Anexo:

Táboa de cómputo de días e horas con xornada con N/RN/ M/T/C

Táboa de computo días adicionais de C e horas de xornada con e sen C, segundo número de D e F

SOLICITO:

Sexan tidas por presentadas as alegacións correspondentes ao documento proposto a fin e efecto de acadar uns criterios para o cómputo da xornada laboral anual e a confección das carteleiras individuais co maior consenso posible

Santiago de Compostela 11 de abril de 2024.

Sº Sector de Autonomica UGT Servizos Públicos de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo Xunta de Galicia, San Caetano S/N. Santiago de Compostela.